

Capítulo 7: Transferencias de capital	50.000,00
Capítulo 8: Activos financeiros	0,00
Capítulo 9: Pasivos financeiros	0,00
TOTAL.....	1.883.111,61

Contra este acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto e consonte o establecido no artigo 171.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a interposición dese recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Cervantes, O Alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 3151

COSPEITO

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS DO CONCELLO DE COSPEITO.

O pleno deste Concello, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de novembro de 2020, aprobou inicialmente o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Cospeito, confeccionado pola empresa SEAGA, ao abeiro do convenio ao que este concello está adherido, subscrito pola colaboración entre a Xunta de Galicia, FEGAMP e SEAGA, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

O citado plan expónse ao público durante o prazo de 20 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de Anuncios computándose o prazo a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que durante o devandito prazo poida ser examinado e poidan formularse as alegacións e reclamacións que se estimen pertinentes polos que se consideren interesados.

Durante o prazo devandito a documentación do Plan poderá ser examinada na páxina web do Concello de Cospeito (www.concellodecospeito.sedelectronica.es) e nas dependencias da Casa Consistorial do Concello de Cospeito, sita en Avenida Terra Chá, 29, Cospeito, 27377 Lugo, en días hábiles e durante o horario de atención ao público.

Cospeito, 4 de decembro de 2020.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 3154

A FONSAGRADA

Anuncio

BASES PARA A CONTRATACIÓN CON CARACTER TEMPORAL DUN/DUNHA MONITOR/A SOCIOCULTURAL E DE TURISMO

Por Decreto de Alcaldía de data 09 de decembro de 2020 aprobáronse as bases para a contratación temporal dun/dunha monitor/a sociocultural e de turismo.

Duración do contrato: Desde a súa formalización ata o 31/12/2022

Horario: A fixar polos órganos de goberno tendo en conta o horario de apertura da Oficina de Turismo.

Sistema selectivo: Concurso - oposición

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de sete días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio. Se o último día coincidise en inhábil o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada (www.afonsagrada.org).

A Fonsagrada, 9 de decembro de 2020.- O alcalde, Carlos López López.

R. 3155